

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 5 e 12 de febreiro de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio con licenzas 169/38, 38-1/40 e 525/41, sito en solo urbano, na rúa Nicomedes Pastor Díaz, número 23; instalación de ascensor no edificio con licenza número 290/86, sito en solo urbano na rúa Rei Don García, números 26-28; para reforma de oco de fachada na vivenda do piso 5º esquerda, na rúa Deputación, número 15; para cubrición parcial nas zonas norte e sur da bancada leste do estadio de fútbol Ángel Carro, sito en solo urbano, nas Saamasas: para demolición da edificación de planta baixa en ruínas, situada na avda. da Coruña, número 321; para rehabilitación do edificio sito na travesía do Miño, número 15; para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar atopándose dentro do ámbito do núcleo rural 59.10 Burozos, no contorno de Lugo, na rúa Fonmiñá, número 43 E para construción de alpendre vinculado á vivenda unifamiliar, para resgardar os animais domésticos, dentro do ámbito do núcleo rural 36.3. O Cabalo-Taboelle, número 2, Parroquia de Orbazai.

Tamén se acorda tomar razón da sentenza firme número 301/2013 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo, no recurso contencioso-administrativo número 260/2011B.

**2. XESTÓN.-** Acórdase a imposición da sétima multa coercitiva e reiteración da execución das obras ordenadas no expediente de orde de execución de obras no inmovible número 48 da ronda da Muralla..

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	28/02/2014	
ID. FIRMA	afirma.pro	WMzTLjh2Mco1SdAvMbKmbW==	PÁGINA	1/2



WMzTLjh2Mco1SdAvMbKmbW==

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. ACTAS E GOBERNO.-** Acórdase a adscripción das concelleiras do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego ás fundacións “Feiras e Exposicións”, “Rof Codina” e “San Calixto”.

**4. PERSOAL.-** Desestimación do escrito dun funcionario sobre abstención do seu nomeamento como instrutor nun expediente disciplinario.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase darlle traslado ao Servizo de Persoal o escrito dun funcionario sobre recusación do nomeamento de instrutor no expediente aberto contra el, para a tramitación administrativa da cuestión incidental de recusación formulada.

- Acórdase remitirle copia do expediente de incoación de expediente disciplinario dun funcionario á Asesoría Xurídica.


- Contratación mediante lotes da realización de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas das pedreiras, e instalación deportiva municipal do polvorin (lote 1) así como actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas e programas deportivos municipais nas instalacións de Frigsa e outras instalacións deportivas municipais (lote 2). exercicio 2013. Manifestacións dunha entidade sobre información das condicións laborais dos traballadores a subrogar. Paralización do procedemento. Nova apertura do procedemento de adxudicación.

- Acórdase a instrución sobre a tramitación dos expedientes disciplinarios.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación: WMzTLjh2Mco1SdAvMbKkBw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	28/02/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	WMzTLjh2Mco1SdAvMbKkBw==	PÁGINA 2/2



WMzTLjh2Mco1SdAvMbKkBw==